

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 3958** *Real decreto 217/2014, do 28 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e o Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público, e o Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS).*

España conta cunha ampla rede de aeroportos que garanten a conectividade e a mobilidade dos cidadáns. O seu uso, non obstante, é desigual, ao punto de que algunha destas infraestruturas non precisa estar aberta ao transporte aéreo durante toda a xornada ao non existir demanda.

Por iso cómpre establecer as condicións que permitan flexibilizar o uso dos aeroportos, así como, se é o caso, doutros aeródromos de uso público, de forma que nas franxas horarias en que só existe demanda de uso por parte da aviación xeral ou deportiva poidan restrinxir a utilización da infraestrutura a estes tráficos. En coherencia con isto, as normas técnicas exhibibles deben estar en consonancia cos usos a que se destine a infraestrutura nas distintas franxas.

Conforme o anterior, este real decreto modifica o Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e o Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e doutros aeródromos de uso público, co obxecto de facilitar unha resposta adecuada, económica e eficiente ás necesidades e demandas de tráfico nos distintos momentos da explotación aeroportuaria, introducir as condicións que permiten flexibilizar o uso destas infraestruturas e, adicionalmente, adecuar a definición de aeródromos de uso público e, en consecuencia, as obrigacións de certificación ou verificación á práctica dos países da nosa contorna.

A flexibilidade de uso establecida neste real decreto únese á posibilidade que actualmente ten o xestor aeroportuario para establecer no Manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público, se así o considera, os procedementos que lle permitan operar á demanda dos usuarios da infraestrutura, ben nos horarios en que o dito aeródromo non estea operativo, ben naqueles en que, conforme este real decreto, opere como aeródromo restrinxido.

Adicionalmente, modifícase o Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS), co obxecto de adecuar a súa definición de aeródromo de uso público á prevista no Real decreto 862/2009, do 14 de maio, e establecer que aos heliportos non lles é de aplicación o disposto no seu artigo 5.2, letra b), 1.º e que, por tanto, a implantación neles do servizo AFIS só lles será exixible cando así resulte dos estudos aeronáuticos de seguridade. Por último, e por coherencia coas modificacións sobre o concepto de aeródromos de uso público, amplíase o prazo concedido a estes aeródromos para a realización dos estudos aeronáuticos previstos no artigo 9 do Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro.

Na tramitación deste real decreto tívose en conta o parecer das comunidades autónomas competentes en materia de aeródromos, e déuselles audiencia ás organizacións representativas do sector e ao Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento e do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de marzo de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e o Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e doutros aeródromos de uso público.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e o Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e doutros aeródromos de uso público:

Un. Modifícase o artigo 1.2, que pasa a quedar redactado nos seguintes termos:

«2. As normas técnicas do anexo son de aplicación aos aeródromos que, por razón das operacións aeronáuticas que se poden realizar neles, se definen no número 3 como aeródromos de uso público, con independencia de que a infraestrutura estea aberta a todos os usuarios ou sexa de uso privado.

As normas técnicas que se inclúen como recomendacións no anexo constitúen estándares técnicos de obrigado cumprimento para os aeródromos civís de uso público. Non obstante, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá admitir desviacións das recomendacións do anexo sempre que:

a) O cumprimento da recomendación non sexa razoablemente viable ou sexa necesaria unha ampliación temporal para o seu cumprimento, e

b) O xestor do aeródromo de uso público acredite, mediante unha análise de riscos do sistema de xestión de seguridade (SMS) do aeródromo, que as medidas alternativas que propón garanten suficientemente o mantemento dun nivel de seguridade aceptable.

Ademais, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá solicitar ao xestor do aeródromo de uso público a realización dun estudo aeronáutico de seguridade que analice o incumprimento da recomendación de que se trate e estableza as medidas alternativas consideradas para alcanzar niveis de seguridade aceptables.»

Dous. Modifícase o artigo 1.3, que pasa a quedar redactado como segue:

«3. Enténdese por aeródromos de uso público os aeródromos civís en que se poden realizar operacións de transporte comercial, de pasaxeiros, mercadorías e correo, incluídos aerotaxis. Os aeródromos de uso público deberán figurar como tal na Publicación de información aeronáutica (AIP) do Servizo de Información Aeronáutica.

O resto dos aeródromos considéranse aeródromos de uso restrinxido.

Están excluídos dos conceptos definidos neste punto as bases aéreas e os aeródromos militares, as instalacións civís situadas neles, así como as zonas e instalacións militares dos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea ou aeródromo militar e un aeroporto, segundo se definen no Real decreto 1167/1995, do 7 de xullo, sobre réxime de uso dos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea e un aeroporto e das bases aéreas abertas ao tráfico civil.»

Tres. Introdúcese un novo artigo 3 do seguinte teor:

«Artigo 3. *Flexibilidade de uso nos aeródromos de uso público e adecuación de operacións e usos segundo períodos de tempo.*

1. Atendendo ás necesidades do sector, o xestor do aeródromo de uso público, fóra do horario establecido para a realización das operacións a que se

refire o artigo 1.3, parágrafo primeiro, poderá limitar o uso da infraestrutura a outro tipo de operacións distintas daquelas.

Durante o período de tempo en que a operación e o uso da infraestrutura estean restrinxidos a operacións distintas das previstas no artigo 1.3, parágrafo primeiro, o aeródromo considerarase como aeródromo de uso restrinxido e seralle de aplicación a normativa en materia de seguridade operacional correspondente aos ditos aeródromos.

2. Para poder aplicar a flexibilidade de uso prevista neste artigo, o xestor do aeródromo de uso público deberá contar coa resolución favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en que autorice a utilización da infraestrutura en réxime de uso restrinxido.

Ademais, o xestor deberá ter incorporado ao manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público os períodos de tempo en que a infraestrutura operará como aeródromo de uso público e aqueles en que operará como aeródromo de uso restrinxido. A información sobre os períodos de tempo en que a infraestrutura funciona como aeródromo de uso restrinxido e sobre as operacións que se poderán realizar en tales períodos tamén se deberá ter publicado na Publicación de información aeronáutica (AIP).

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, a resolución favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderase condicionar á autorización da modificación do manual do aeroporto ou de aeródromo de uso público en caso de afectar o certificado de aeroporto ou a resolución favorable de verificación do aeródromo de uso público.

Para os aeródromos de uso público de competencia autonómica, o disposto neste punto enténdese sen prexuízo de calquera outro requisito exixible pola normativa autonómica aplicable.

3. O xestor do aeródromo de uso público presentará a solicitude para que se lle autorice o uso da infraestrutura como aeródromo de uso restrinxido á Axencia Estatal de Seguridade Aérea. Esta solicitude deberá ir acompañada da información relativa ás modalidades previstas para a utilización da infraestrutura, xa sexa por períodos de tempo predeterminados, atendendo ás demandas dos usuarios cando a infraestrutura non estea operativa ou por unha combinación de ambos, así como da información sobre as operacións que se poderán realizar na infraestrutura nos ditos períodos de tempo.

O prazo máximo para resolver sobre a solicitude cursada é de dous meses. Transcorrido este prazo sen se ter ditado resolución expresa, a solicitude deberase entender desestimada de conformidade coa excepción prevista na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Contra as resolucións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderase recorrer nos termos previstos no artigo 4 do seu estatuto, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

4. Autorizada a utilización da infraestrutura en réxime de uso restrinxido, o xestor comunicarlle á Axencia Estatal de Seguridade Aérea as modificacións que, con posterioridade, se introduzan nos períodos de tempo en que a infraestrutura funciona como aeródromo de uso restrinxido e nas operacións que se realicen nos ditos períodos, cunha antelación de dez días respecto da data en que se pretenda facer efectivo o cambio.

Estas modificacións deberanse publicar na Publicación de información aeronáutica (AIP). Ademais, as modificacións relativas aos períodos de tempo en que a infraestrutura operará como aeródromo de uso restrinxido deberanse incorporar, como actualización, ao manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público. Estas actualizacións do manual considérase que non afectan o certificado ou a resolución favorable de verificación.

5. O xestor do aeródromo de uso público é o responsable de trasladar ao Servizo de Información Aeronáutica, nos prazos e forma prevista pola normativa aplicable, a información que se deba publicar na Publicación de información aeronáutica (AIP) e a súa actualización e, ademais, mentres o aeródromo estea operando como aeródromo de uso restrinxido, deberá garantir:

- a) Que non se realicen as operacións a que se refire o artigo 1.3, primeiro parágrafo.
- b) Que se cumpran as normas técnicas de deseño e operación en materia de seguridade operacional que resulten aplicables.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional quinta do seguinte teor:

«Disposición adicional quinta. *Voos turísticos.*

Considéranse voos turísticos os voos locais operados por aeronaves cun máximo de 6 prazas con engalaxe e aterraxe no mesmo aeródromo, sen escalas.»

Quinto. Modifícase a disposición transitoria terceira, número 2, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Os aeródromos civís abertos ao tráfico que, de acordo co previsto no punto anterior, puxesen de manifesto a súa condición de aeródromos de uso público, dispoñen dun período transitorio, que finalizará o 31 de decembro de 2014, para que realicen as obras de adecuación que sexan necesarias para a súa plena adaptación ás normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público aprobadas por este real decreto.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS).*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS):

Un. Modifícase o artigo 4, letra d), que pasa a quedar redactado nos seguintes termos:

«d) «Aeródromo civil de uso público», o definido no artigo 1.3 do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e o Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e doutros aeródromos de uso público.»

Dous. Modifícase o artigo 5.2, letra b), 1.º, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Nos aeroportos que non sexan exclusivamente heliportos, nos períodos de tempo en que se realicen operacións para o transporte comercial de pasaxeiros.»

Tres. Modifícase a disposición transitoria primeira, que queda redactada nos seguintes termos:

«Os aeroportos e aeródromos civís de uso público que, na data de entrada en vigor deste real decreto, non dispoñan de servizos de control de aeródromo e se encontren nalgún dos supostos previstos no artigo 9, disporán ata o 30 de xuño de 2015 para realizaren os estudos aeronáuticos de seguridade que regula este real decreto e para se adecuaren ao disposto nel.»

**Disposición adicional única.** *Operacións autorizadas.*

A cualificación de aeródromos establecida neste real decreto non habilita para a realización de operacións distintas daquelas para as cales está habilitada a infraestrutura conforme as autorizacións expedidas pola autoridade competente.

**Disposición transitoria primeira.** *Normas transitorias en relación cos aeródromos que realicen voos turísticos e mantemento.*

Os voos turísticos e as operacións das aeronaves realizadas exclusivamente con obxecto de efectuar o mantemento con base en terceiros de aeronaves para transporte comercial realizaranse en aeródromos de uso público e con suxeición ás condicións establecidas para estes aeródromos polo Real decreto 862/2009, do 14 de maio, ata a aprobación e aplicación das normas técnicas de deseño e operación aplicables especificamente para ambas as operacións en aeródromos de uso restrinxido. Ata que se adopten estas normas, queda expresamente prohibida a realización das citadas operacións en aeródromos de uso restrinxido.

Para estes efectos, considéranse voos turísticos os definidos na disposición adicional quinta do Real decreto 862/2009, do 14 de maio.

**Disposición transitoria segunda.** *Outras normas transitorias.*

1. Os aeródromos que, conforme o previsto na disposición transitoria terceira do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, tivesen notificado á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a súa condición de aeródromos de uso público, así como calquera outro aeródromo de uso público aberto ao tráfico con posterioridade á dita data, no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto deberán comunicar á Axencia Estatal de Seguridade Aérea e ao órgano competente da comunidade autónoma en materia de aeródromos, cando se trate de aeródromos de competencia autonómica, se manteñen esta condición, conforme o disposto no artigo 1.3 do citado Real decreto 862/2009, do 14 de maio, na modificación introducida por este real decreto.

2. Aos aeródromos que, de acordo co previsto no punto anterior, puxesen de manifesto que manteñen a súa condición de aeródromos de uso público, seguiralles sendo de aplicación o disposto na disposición transitoria terceira do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, na redacción dada por este real decreto, e manteranse os calendarios de verificación previstos no plan de verificación aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea conforme a dita disposición, coas adaptacións necesarias como consecuencia da ampliación do prazo de adaptación ás normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público.

Os aeródromos que non manteñan a súa condición de aeródromos de uso público por telo declarado expresamente na comunicación prevista no número 1 ou por non ter efectuado ningunha declaración no prazo previsto no dito número, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto deberán transformarse en aeródromos de uso restrinxido con plena suxeición ás normas que os regulan, e serán responsables da actualización da información na Publicación de información aeronáutica (AIP). A Axencia Estatal de Seguridade Aérea actualizará o plan de verificación aprobado conforme o previsto na disposición transitoria terceira do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, para eliminar do dito plan os aeródromos que, conforme o previsto nesta disposición, pasen a ser restrinxidos.

3. O mantemento da cualificación de aeródromo de uso público conforme o previsto nesta disposición non habilita para outros usos distintos daqueles para os cales esta autorización a infraestrutura conforme as autorizacións expedidas pola Administración pública competente.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN